

1º.) A participación neste Certame está aberta a todos os documentais, videocreacións e curtametraxes producidos e dirixidos no ámbito nacional, con posterioridade ó 15 de Agosto de 2008, agás aqueles de carácter institucional ou publicitario.

2º.) Poderán concorrer ó Certame producións orixinalmente producidas en calqueira formato, pero será imprescindible presentar unha copia da obra en DVD.

3º.) A duración das obras non excederá os 30 minutos. Nembargantes a organización resérvase o dereito de considerar oportuna a inclusión de obras que superen esta medida.

4º.) O tema e o xénero serán libres.

5º.) Cada autor pode presentar un máximo de tres obras, cada unha presentada nun DVD independente.

6º.) Un comité da asociación SecuenciaCero seleccionará de entre todas as obras recibidas, aquelas que participarán no Certame.

As obras escollidas, exhibiranse en sesións públicas, durante os días de proxección.

7º.) As obras entregaranse en versión orixinal, e aquelas que non estean en galego ou castelán, levarán subtítulos nalgún deste idiomas.

8º.) A inscrición realizarase enviando un copia da obra xunto coa ficha de inscrición debidamente cumplimentada ao seguinte enderezo:

**7 CERTAME DE VIDEO SECUENCIACERO
CP 36200 APARTADO DE CORREOS 86 VIGO**

9º.) A decisión do xurado será inapelable.

10º.) O prazo de recepción de obra estará aberto ata o día 15 de Agosto de 2010.